

ANEXO II

Baremo da Lei de solidariedade

	Millóns de pesetas
1. Indemnización por falecemento	23
2. Indemnización por gran invalidez	65
3. Indemnización por incapacidade permanente absoluta	16
4. Indemnización por incapacidade permanente total	8
5. Indemnización por incapacidade permanente parcial	6
6. Indemnización por lesións permanentes non invalidantes: As establecidas no baremo de lesións permanentes non invalidantes pola Lei de responsabilidade civil e seguro do automóbil.	
7. Indemnización por secuestro	6

MINISTERIO DE CIENCIA E TECNOLOXÍA

23671 *REAL DECRETO 3456/2000, do 22 de decembro, polo que se aproba o Regulamento que establece as condicións para o acceso ó bucle de abonado da rede pública telefónica fixa dos operadores dominantes.* («BOE» 307, do 23-12-2000.)

A liberalización dos mercados constitúe unha peza chave da política económica desenvolvida polo Goberno que se fixo patente, de maneira particular, no sector das telecomunicacións, por canto este sector se constitúe como elemento dinamizador e de mellora da competitividade dos restantes sectores da economía.

A introducción progresiva e decidida da competencia no sector das telecomunicacións en España, en tódolos seus ámbitos, está a proporcionar resultados tanxibles moi positivos, que se traduciron principalmente nunha maior diversidade de ofertas de servicios de telecomunicacións para empresas e usuarios residenciais a prezos atractivos.

Para atinxir unha situación de maior competencia resulta imprescindible que exista simultaneamente unha maior apertura en tódolos elementos que compoñen a cadea de provisión de servicios de telecomunicacións. A presenza de segmentos na dita cadea nos que non existen posibilidades de escolla, ou estas se presentan de modo limitado, ocasiona que non exista un dinamismo de mercado en igual medida que nos segmentos onde si existe competencia efectiva, diminuíndo os estímulo para a adopción dos avances tecnolóxicos.

O acceso por operadores autorizados ó bucle de abonado da rede pública telefónica fixa dos operadores dominantes permitirá a prestación máis competitiva de servicios de telecomunicacións de alta velocidade e propiciará que a innovación tecnolóxica se estenda de maneira máis rápida.

Neste senso, o artigo 2 do Real decreto lei 7/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes no sector das telecomunicacións, dispón que o Goberno, logo de informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, establecerá as condicións para que, a partir de xaneiro do

ano 2001, os operadores dominantes de redes públicas telefónicas fixas faciliten o acceso desagregado e o acceso compartido ó bucle de abonado.

No citado artigo establécese así mesmo que a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos establecerá, por proposta conxunta dos ministerios de Economía e de Ciencia e Tecnoloxía, e logo de informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, os prezos da primeira oferta de referencia dos operadores a que se refire o parágrafo anterior, correspondentes a ámbalas modalidades de acceso ó bucle de abonado.

Ademais, a apertura do acceso completamente desagregado e compartido ó bucle de abonado da rede pública telefónica fixa dos operadores dominantes, fai conveniente a adaptación das condicións de provisión do acceso indirecto ó bucle de abonado reguladas pola Orde do 26 de marzo de 1999 pola que se establecen as condicións para a provisión do acceso indirecto ó bucle de abonado da rede pública de telefonía fixa.

Pola súa parte, o Consello Europeo, nas conclusións da súa sesión especial celebrada en Lisboa nos días 23 e 24 de marzo de 2000, solicitou ós Estados membros que, xunto coa Comisión, fagan o necesario para introducir unha maior competencia nas redes locais de acceso antes de finais de 2000, e desagreguen os bucles locais co obxecto de obter unha redución substancial nos custos polo uso da Internet.

No «Diario Oficial das Comunidades Europeas», do 29 de xuño de 2000, publicouse a Recomendación da Comisión Europea, do 25 de maio de 2000, sobre o acceso desagregado ó bucle local: prestación competitiva dunha ampla gama de servicios de comunicacións electrónicas, incluídos os multimedios de banda ampla e os servicios da Internet de alta velocidade. Neste texto, a Comisión Europea recomenda ós Estados membros adoptaren as medidas reguladoras necesarias para obriga-los operadores dominantes a forneceren, para o 31 de decembro de 2000, un acceso desagregado completo ó bucle local de cobre, en condicións transparentes, xustas e non discriminatorias.

Esta recomendación considera operadores dominantes os operadores designados con peso significativo de mercado, de acordo co establecido na Directiva 98/10/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro, sobre a aplicación da Oferta de Rede Aberta (ONP) á telefonía vocal e sobre o servicio universal de telecomunicacións nun contorno competitivo; a Directiva 97/33/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de xuño, relativa á interconexión nas telecomunicacións no que respecta a garanti-lo servicio universal e a interoperabilidade mediante a aplicación dos principios da Oferta de Rede Aberta (ONP), e a Directiva 92/44/CEE do Consello, do 5 de xuño, relativa á aplicación da Oferta de Rede Aberta ás liñas arrendadas.

A citada recomendación expón que a provisión do acceso completamente desagregado ó bucle de abonado se entende sen prexuízo de os operadores dominantes estaren obrigados a satisfacer outras formas de acceso, incluíndo o acceso compartido ó bucle de abonado, de acordo co establecido no número 2 do artigo 4 da Directiva 97/33/CE e o artigo 16 da Directiva 98/10/CE, e que estes operadores deberán observa-lo principio de non discriminación cando utilicen a rede pública telefónica fixa para prestaren servicios de alta velocidade a terceiros, aplicando as mesmas condicións que ós seus propios servicios, consonte o número 7 do artigo 16 da Directiva 98/10/CE.

Os criterios establecidos nas citadas disposicións comunitarias incorporáronse ó ordenamento xurídico español mediante a Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, e normas de desenvolvemento.

O Regulamento que se aproba por este real decreto ten por obxecto dar cumprimento ó disposto no artigo 2 do Real decreto lei 7/2000, do 23 de xuño.

O presente real decreto foi sometido á audiencia do sector afectado, a través do Consello Asesor de Telecomunicacións, e ó informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, de acordo co previsto no artigo 1, dous, 2, j), da Lei 12/1997, do 24 de abril, de liberalización das telecomunicacións.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Ciencia e Tecnoloxía, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de decembro de 2000,

DISPÓN O:

Artigo único. *Obxecto.*

Mediante o presente real decreto apróbase o Regulamento que establece as condicións para o acceso ó bucle de abonado da rede pública telefónica fixa dos operadores dominantes, que se inclúe a seguir, en cumprimento do disposto no artigo 2 do Real decreto lei 7/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes no sector das telecomunicacións, e do número 4 do artigo 9 do Regulamento polo que se desenvolve o título II da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, no relativo á interconexión e ó acceso ás redes públicas e á numeración aprobado polo Real decreto 1651/1998, do 24 de xullo.

Disposición adicional única. *Modificación do número 4 do artigo 9 do Regulamento polo que se desenvolve o título II da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, no relativo á interconexión e ó acceso ás redes públicas e á numeración.*

Modifícase o número 4 do artigo 9 do Regulamento polo que se desenvolve o título II da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, no relativo á interconexión e ó acceso ás redes públicas e á numeración, aprobado polo Real decreto 1651/1998, do 24 de xullo, nos seguintes termos:

«4. Facilita-lo acceso ó bucle de abonado, de acordo co previsto polo Regulamento que establece as condicións para o acceso ó bucle de abonado da rede telefónica fixa dos operadores dominantes, aprobado polo Real decreto 3456/2000, do 22 de decembro.»

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Derrógase a Orde do 26 de marzo de 1999 pola que se establecen as condicións para a provisión do acceso indirecto ó bucle de abonado da rede pública telefónica fixa.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido neste real decreto e no regulamento que aproba.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo.*

A ministra de Ciencia e Tecnoloxía dictará as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Primeira oferta de acceso ó bucle de abonado.*

1. «Telefónica de España, Sociedad Anónima Unipersonal», na súa condición de operador dominante,

deberá dispor e publicar, de acordo co disposto no artigo 11 do regulamento aprobado por este real decreto, a primeira oferta de acceso ó bucle de abonado con anterioridade ó 31 de decembro de 2000.

2. A Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos establecerá os prezos da primeira oferta de acceso ó bucle de abonado correspondentes ás diferentes modalidades de acceso, por proposta conxunta dos ministerios de Economía e de Ciencia e Tecnoloxía, logo de informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

3. Sen prexuízo do disposto no artigo 11 do regulamento aprobado por este real decreto, o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía poderá modifica-la primeira oferta de acceso ó bucle de abonado, con excepción dos prezos ós que se refire o número anterior, logo de informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de decembro de 2000.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Ciencia e Tecnoloxía,
ANNA M. BIRULÉS I BERTRAN

REGULAMENTO QUE ESTABLECE AS CONDICIÓN PARA O ACCESO Ó BUCLE DE ABONADO DA REDE PÚBLICA TELEFÓNICA FIXA DOS OPERADORES DOMINANTES

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este regulamento ten por obxecto establece-las condicións en que os operadores que teñan a consideración de dominantes no mercado de redes públicas telefónicas fixas e servizos telefónicos fixos dispoñibles ó público (en diante, operadores dominantes), proverán a outros operadores o acceso desagregado ó bucle de abonado e recursos asociados.

Así mesmo, establécense as condicións en que os operadores dominantes poderán subministra-lo acceso indirecto ó bucle de abonado.

2. O presente regulamento será de aplicación ós bucles de abonado baseados en medios de transmisión de pares metálicos.

Para efectos deste regulamento, entenderase por acceso ó bucle de abonado tanto o acceso desagregado como o acceso indirecto, e por acceso desagregado ó bucle de abonado, tanto o acceso completamente desagregado como o acceso compartido.

As referencias que se efectúen neste regulamento respecto dos bucles de abonado entenderanse aplicables, así mesmo, ós bucles vacantes, ós subbucles de abonado e ós subbucles vacantes.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste regulamento, consideraranse as seguintes definicións:

1. Bucle de abonado: os elementos que forman parte da rede pública telefónica fixa que conectan o punto de terminación de rede, onde finaliza a responsabilidade do operador dominante, co repartidor xeral ou instalación equivalente da central local da que depende.

2. Subbucle de abonado: a parte do bucle de abonado que conecta o punto de terminación de rede, onde finaliza a responsabilidade do operador dominante, cun

punto de concentración ou un punto de acceso intermedio.

3. Bucle vacante: os elementos que forman parte da rede pública telefónica fixa destinados a conecta-lo punto de terminación de rede dun futuro abonado, onde finaliza a responsabilidade do operador dominante, co repartidor xeral ou instalación equivalente da central local de que depende.

4. Subbucle vacante: é a parte do bucle vacante destinada a conecta-lo punto de terminación de rede dun futuro abonado, onde finaliza a responsabilidade do operador dominante, cun punto de concentración ou un punto de acceso intermedio.

5. Acceso completamente desagregado ó bucle ou subbucle de abonado: conexión á rede do operador dominante que lles permite a outros operadores o uso exclusivo dos elementos que forman parte do bucle ou subbucle de abonado ou do bucle ou subbucle vacante.

6. Acceso compartido ó bucle ou subbucle de abonado: conexión á rede do operador dominante que lles permite a outros operadores o uso de frecuencias non vocais do espectro sobre o bucle ou subbucle de abonado, mantendo o operador dominante a prestación do servizo telefónico fixo dispoñible ó público.

7. Recursos asociados ó acceso desagregado ó bucle de abonado: elementos ou recursos ligados á provisión do acceso desagregado ó bucle de abonado, ós que os operadores autorizados deben ter acceso para poderen fornecer os seus servizos en condicións xustas e competitivas. En particular, consideraranse recursos asociados os relacionados coa localización, cableado e enlaces de conexión de equipamentos e sistemas de información relevantes.

8. Acceso indirecto ó bucle de abonado: conexión á rede do operador dominante, que, mediante a incorporación de calquera tipo de tecnoloxía, permite a outros operadores o uso dunha capacidade de transmisión definida sobre o bucle de abonado, podendo engadir este operador capacidades de transporte adicionais e, se é o caso, de concentración ata o punto onde se ofrece o acceso indirecto.

9. Punto de acceso: lugar onde se realiza a conexión entre a rede do operador dominante e a rede do operador autorizado, delimitando as responsabilidades entre ámbolos operadores.

10. Localización ou localización física: provisión, nos edificios onde se albergan os elementos de rede nos que se facilita acceso desagregado ó bucle de abonado, de espazo, recursos técnicos, condicións de seguranza e de acondicionamento necesarios para a instalación dos equipos empregados polos operadores autorizados e a súa conexión ós bucles de abonado da rede do operador dominante.

11. Localización distante: instalación dos equipos empregados polos operadores autorizados nun edificio distinto do que alberga os elementos de rede nos que se accede ó bucle de abonado, e a súa conexión con eses elementos.

12. Localización virtual: albergamento, instalación e mantemento polo operador dominante dos equipamentos que sexan precisos, empregados polos operadores autorizados para o acceso desagregado ó bucle de abonado.

Artigo 3. *Condicións xerais para o acceso ó bucle de abonado.*

1. Os operadores dominantes atenderán as solicitudes razoables dos operadores autorizados para o acceso desagregado ós bucles de abonado da súa rede e ós recursos asociados, en condicións transparentes, equitativas e non discriminatorias. As solicitudes só poderán

ser rexeitadas por razón de criterios obxectivos, en relación coa súa viabilidade técnica ou a necesidade de manter a integridade da rede.

Os operadores dominantes implantarán na súa rede pública telefónica fixa os medios necesarios para a provisión do acceso desagregado ó bucle de abonado, subministrando ós operadores autorizados a que se refire o artigo 4 recursos equivalentes ós que se proporcionan a si mesmos ou ás súas empresas filiais ou participadas, nas mesmas condicións e prazos.

2. Os operadores dominantes que ofrezan acceso indirecto ó bucle de abonado da súa rede respectarán o principio de non discriminación e de transparencia en relación coas condicións técnicas, económicas, operativas e comerciais, en particular, fronte ós operadores de redes e servizos de telecomunicación que poidan requirir este acceso.

3. As condicións para o acceso desagregado dos operadores autorizados ó bucle de abonado e ós recursos asociados da rede pública telefónica fixa dos operadores dominantes estableceranse mediante acordo entre as partes, que deberá formalizarse no prazo máximo de tres meses, salvo que aquelas conveñan en o ampliar. O citado prazo será contado desde a data de solicitude de iniciación da negociación. Este prazo será igualmente aplicable, se é o caso, para os acordos de acceso indirecto ó bucle de abonado.

4. Os operadores dominantes terán a obriga de dispor dunha oferta de acceso ó bucle de abonado, segundo o establecido no artigo 11 deste regulamento, á que se poderán acolle-los operadores autorizados.

5. A información obtida polos operadores durante a negociación, formalización e execución dos acordos para o acceso ó bucle de abonado só poderá ser utilizada para o fin para o que foi proporcionada. En particular, esta información non poderá ser empregada en beneficio dos seus propios servizos ou dos das súas filiais ou asociadas, para os que a dita información podería supor unha vantaxe competitiva.

6. Os conflitos que se produzan en relación co acceso ó bucle de abonado serán resoltos pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións, nos termos establecidos no artigo 25 da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións.

7. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá intervir de oficio, cando estea xustificada, para garanti-la non discriminación, a competencia leal, a eficiencia económica e o máximo beneficio para os usuarios.

Excepcionalmente, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá dictar instrucións ás partes que celebren un acordo para o acceso ó bucle de abonado instándoo á súa modificación, cando o seu contido puidese amparar prácticas contrarias á competencia ou resulte preciso para garanti-la interoperabilidade dos servizos.

O contido das resolucións adoptadas pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións porase ó dispor do público, conforme os procedementos que esta estableza.

8. Os acordos para o acceso ó bucle de abonado deberán ser comunicados á Comisión do Mercado das Telecomunicacións e ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, a través da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, no prazo máximo de dez días desde a súa formalización.

A Comisión do Mercado das Telecomunicacións porá ó dispor de tódalas partes interesadas que o soliciten os acordos de acceso ó bucle de abonado, exceptuándose a información que, segundo resolución motivada da dita Comisión, poida afecta-lo segredo comercial dos operadores, en particular, a relativa ás relacións comerciais ou ós compoñentes dos custos dos operadores.

9. Calquera restricción no uso do acceso desagregado ó bucle de abonado deberá estar baseada en criterios obxectivos, en relación coa súa viabilidade técnica ou protección dos requisitos esenciais, tal e como se definen no anexo á Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, e respecta-los principios de transparencia, proporcionalidade e non discriminación. Estes criterios deberán formar parte da oferta de acceso ó bucle de abonado á que se refire o artigo 11.

Artigo 4. *Operadores autorizados.*

Consideraranse operadores autorizados con dereito a obteren acceso desagregado ó bucle de abonado dos operadores dominantes os seguintes tipos de operadores:

- a) Os titulares de licencias individuais tipo B1, habilitados para a prestación do servizo telefónico fixo dispoñible ó público, mediante o establecemento ou a explotación dunha rede pública telefónica fixa.
- b) Os titulares de licencias individuais de tipos C1 e C2, habilitados para o establecemento ou explotación de redes públicas, sen que o titular da licenza poida presta-lo servizo telefónico dispoñible ó público,
- c) Os operadores que dispoñan de títulos habilitantes outorgados ó abeiro da Lei 42/1995, do 22 de decembro, das telecomunicacións por cable.

Artigo 5. *Prezos por acceso ó bucle de abonado.*

1. Os prezos polo acceso ó bucle de abonado da rede do operador dominante e dos recursos asociados determinaránse sobre a base de orientación a custos.

2. Para efectos de xustifica-lo custo da provisión do acceso ó bucle de abonado, os operadores dominantes deberán presentar, antes do 31 de xullo de cada ano, ós ministerios de Economía e de Ciencia e Tecnoloxía e á Comisión do Mercado das Telecomunicacións, os resultados do sistema de contabilidade de custos do último exercicio fechado e do inmediatamente anterior, correspondente ás actividades de provisión de acceso ó bucle de abonado, co grao de detalle que permita coñecer-los custos totais e unitarios das diferentes modalidades de acceso, de acordo cos principios establecidos neste punto e os criterios e condicións fixados pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

A contabilidade de custos deberá ser sometida a auditoría externa, baixo a supervisión da Comisión do Mercado das Telecomunicacións. Esta poderá pór á disposición dos operadores interesados a información relacionada coa citada contabilidade de custos, excepto aquela que poida afecta-lo segredo comercial ou industrial dos operadores.

3. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións velará para que os prezos aplicados na provisión do acceso ó bucle de abonado fomenten unha competencia leal e sostida.

4. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións suprimirá a obriga de que os prezos estean orientados a custos, referida no número 1 de este artigo, cando determine que o mercado de acceso local, tal como o defina ese organismo público, é suficientemente competitivo.

5. Os prezos deberán estar suficientemente desagregados e incluíranse na oferta de acceso ó bucle a que se refire o artigo 11 deste regulamento. A estrutura de prezos poderá distinguir, entre outras, as seguintes categorías:

- a) Cotas de instalación inicial.
- b) Cotas periódicas pola dispoñibilidade do acceso.

c) Se é o caso, outras cotas por servizos auxiliares e suplementarios.

Os prezos a que se refire este número serán independentes do tráfico cursado polos operadores que acceden á rede do operador dominante.

Artigo 6. *Separación de contas.*

1. Os operadores dominantes deberán presentar anualmente á Comisión do Mercado das Telecomunicacións contas separadas para as súas actividades relacionadas co acceso ó bucle de abonado. As contas incluírán información sobre os accesos que o operador preste ás súas entidades filiais ou asociadas e sobre os subministrados a outros operadores.

2. Os obxectivos principais da separación ou segmentación de contas que deben ser cumpridos polos operadores dominantes son:

a) Pór de manifesto os custos e marxes das diferentes actividades que realice o operador e, en particular, asegurar que os relativos ó acceso ó bucle de abonado están claramente identificados e separados dos custos doutros servizos.

b) Asegurar que os accesos ó bucle de abonado prestados a outras áreas de negocio do operador dominante ou, se é o caso, a filiais ou asociados, se presten en condicións equivalentes ás ofrecidas a terceiros.

c) Pór de manifesto a inexistencia de subvencións cruzadas entre os distintos segmentos da actividade.

3. Sen prexuízo da segmentación de actividades establecida noutras normas reguladoras dos servizos, para os efectos de asegura-los obxectivos citados no número anterior e, en especial, de cumprir co principio de transparencia na fixación dos prezos de acceso ó bucle de abonado, deberá considerarse como segmento de actividade o acceso ó bucle de abonado.

4. A separación ou segmentación das contas deberá efectuarse a partir das contas anuais do operador, sobre a base consolidada se este está obrigado a presentala ou o fai voluntariamente. Esta segmentación poderase presentar conxuntamente coas contas anuais, incluíndo na memoria, ou ben formarse separadamente. A información segmentada deberá incluír para o citado segmento, facendo referencia tanto ó exercicio que se fecha como ó anterior, o seguinte contido:

a) Descrición das actividades que se inclúen no segmento.

b) Ingresos por vendas e outros ingresos netos de explotación do segmento, con distinción entre os procedentes de clientes externos e os derivados de operacións con outros segmentos, incluíndo as bases para a fixación dos prezos intersegmento.

c) Estados de resultados de explotación do segmento, con detalle do reparto de gastos, de acordo cos principios de contabilidade de custos establecidos.

d) Activos afectos ó segmento ou empregados por este, de acordo cos principios de contabilidade de custos establecidos.

e) Cambios na inclusión de actividades do segmento, na identificación do dito segmento, se se opta por maior segmentación e nas prácticas contables usadas para presenta-la información segmentada.

5. A segmentación de contas deberá presentarse acompañada dun informe de auditoría realizado por un auditor externo ó operador, no que se poña de manifesto a coherencia da dita información cos estados financeiros agregados dos que parte, o respecto dos principios de

segmentación recollidos neste artigo e que a información segmentada representa a imaxe fiel da contribución ó resultado global de cada segmento.

A presentación das contas segmentadas deberá realizarse antes do 31 de xullo de cada ano.

Artigo 7. *Características dos bucles de abonado.*

1. Os operadores dominantes incluírán na oferta de acceso ó bucle de abonado a que se refire o artigo 11 as especificacións técnicas, plans de frecuencia e outros criterios técnicos de despregamento, que permitan a prestación sobre os seus bucles de abonado dunha ampla gama de servizos de telecomunicacións polos operadores autorizados que accedan a eses bucles, e o cumprimento dos cales posibilite a prestación de servizos sobre o maior número posible de bucles de abonado da súa rede e que os equipos instalados por un operador non causen interferencias prexudiciais nos servizos doutros operadores.

Nestas especificacións terase en conta prioritariamente a prestación de servizos de telecomunicacións que cumpran as especificacións aprobadas por organismos internacionais de normalización.

2. As especificacións técnicas, plans de frecuencia e outros criterios técnicos de despregamento a que se refire o número 1 deste artigo, deberán ser respectados tanto por estes como polos operadores autorizados.

3. Os operadores dominantes incorporarán na oferta de acceso ó bucle de abonado a que se refire o artigo 11 a información de que dispoñan sobre as lonxitudes e demais características dos bucles de abonado da súa rede.

4. Adicionalmente, os operadores dominantes procederán á cualificación individualizada dos bucles de abonado indicados polos operadores autorizados, nas condicións que se determinen na oferta de acceso ó bucle de abonado. Esta cualificación dará dereito ó operador dominante á percepción da correspondente contraprestación económica.

5. No caso de os equipamentos conectados por usuarios ou por calquera operador ocasionaren perturbacións na rede, o operador afectado comunicarallo ó operador dominante e este porá en coñecemento do operador que preste o servizo causante das perturbacións para que adopte as medidas oportunas o antes posible e, en todo caso, nun prazo máximo de tres días, contados desde o día seguinte ó da comunicación. Se, transcorrido este prazo, persisten as perturbacións, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá, logo de petición do operador dominante, autorizalo para que adopte as medidas técnicas necesarias que permitan por fin ás perturbacións constatadas, informando este o operador afectado polas ditas medidas.

Nos casos de urxencia ou cando non sexa posible por fin ás perturbacións constatadas, o operador dominante poderá suspender-lo acceso desagregado ó bucle de abonado no que se conecten os equipamentos causantes das perturbacións, informando disto, de maneira inmediata, o operador afectado pola suspensión e, no prazo máximo de vinte e catro horas, á Comisión do Mercado das Telecomunicacións, para que esta confirme cautelamente ou deixe sen efecto a decisión adoptada. Neste último suposto, o operador dominante será responsable dos danos e perdas causados pola suspensión do servizo.

No suposto de que a Comisión do Mercado das Telecomunicacións ratifique a suspensión do acceso desagregado ó bucle de abonado, esta resolverá o levantamento desta medida cautelando unha vez que o operador comunique o cesamento da perturbación orixe da suspensión, reiniciándose a seguir a subministración de acceso desagregado ó bucle de abonado.

Artigo 8. *Normativa técnica.*

1. Os operadores dominantes incorporarán na oferta de acceso ó bucle de abonado a que se refire o artigo 11 as especificacións técnicas para o acceso desagregado ó bucle de abonado que deben cumprilos equipamentos de operadores autorizados, así como as que, en relación co acceso desagregado ó bucle de abonado, deben ser cumpridas nas interfaces entre o usuario e a rede. Estas incluírán tanto as especificacións técnicas xerais como as particulares para o acceso completamente desagregado e compartido ó bucle de abonado.

As citadas especificacións técnicas deberán ser respectadas tanto polos operadores dominantes como polos operadores autorizados.

2. As citadas especificacións técnicas estableceranse tendo en conta as normas técnicas elaboradas polos seguintes organismos, coa orde de prelación que se enumera a continuación:

a) As adoptadas polos seguintes organismos europeos de normalización recoñecidos: o Instituto Europeo de Normas de Telecomunicación (ETSI), o Comité Europeo de Normalización (CEN) e o Comité Europeo de Normalización Electrotécnica (CENELEC).

b) As internacionais adoptadas pola Unión Internacional de Telecomunicacións (UIT), a Organización Internacional de Normalización (ISO) ou a Comisión Electrotécnica Internacional (CEI).

c) As emanadas de organismos españois de normalización e, en particular, da Asociación Española de Normalización e Certificación (AENOR).

d) As especificacións técnicas que contén con ampla aceptación na industria e fosen elaboradas polos correspondentes organismos internacionais.

e) As especificacións técnicas que se apliquen habitualmente no mercado.

Artigo 9. *Condicións para a localización de equipamentos.*

1. Os operadores dominantes proverán, sempre que sexa viable, as condicións adecuadas para a localización dos equipamentos dos operadores autorizados nos edificios nos que se facilita o acceso desagregado ó bucle de abonado, en condicións transparentes, proporcionais e non discriminatorias. No suposto de que para efectuar esta localización se requira realizar un reacondicionamento dos locais, os custos do reacondicionamento directamente imputables á localización serán sufragados por tódolos operadores petionarios.

2. Cando a localización física non sexa viable, os operadores dominantes terán a obriga de facilitar como alternativa a localización distante de equipamentos en recintos, locais ou edificios próximos ós elementos da rede do operador dominante ós que se pretende o acceso. Os operadores dominantes terán a obriga de subministrar, por solicitude do operador autorizado, os circuitos de conexión ata o recinto onde se efectúa a localización distante. Non obstante, os operadores autorizados poderán optar por establecer estes circuitos de conexión por si mesmos.

3. Adicionalmente, os operadores dominantes poderán ofrece-la localización virtual dos equipamentos dos operadores autorizados.

4. Os operadores dominantes resolverán sobre as peticións presentadas seguindo os criterios e o procedemento que figurarán na oferta de acceso ó bucle de abonado. Se unha petición de localización é rexeitada por un operador dominante, este deberalle xustificar ó petionario, por escrito e de maneira detallada, as razóns polas cales se rexeitou a solicitude.

5. Os operadores dominantes facilitaránlles ós operadores autorizados a instalación de medios de transmisión para a conexión exterior dos equipamentos situados por estes operadores.

6. Os operadores dominantes poderán reservar nos seus edificios para o seu propio uso, con carácter xeral, ata un 25 por 100 adicional do espazo en planta que teñan ocupado polos seus equipos de telecomunicación na data de entrada en vigor deste regulamento, para efectos de ampliación das súas instalacións. Nos supostos nos que non exista espazo para a localización de equipamentos dos operadores autorizados, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá dictar, de oficio a instancia dos interesados, resolución motivada revogando o dito dereito de reserva ou alterando a porcentaxe de espazo reservado.

7. Os equipamentos que os operadores autorizados poderán instalar nos locais dos operadores dominantes serán os usados tanto para o acceso desagregado ó bucle de abonado como para a concentración e o establecemento de enlaces de transmisión ata os seus puntos de presenza. A instalación de calquera outro equipamento precisará da autorización expresa por parte dos operadores dominantes, quedando subordinada a dita autorización á dispoñibilidade de suficiente espazo para a localización de equipamentos destinados ó acceso desagregado ó bucle de abonado e á interconexión.

Os operadores autorizados poderán establecer acordos entre si en relación coa compartición de recursos en localización para acceso desagregado ó bucle de abonado. Non obstante, non lles estará permitida a disposición por calquera título, a favor de terceiros, do espazo para a localización física de equipamentos para o acceso desagregado ó bucle de abonado.

8. Os operadores dominantes deberán actualizar a súa oferta de acceso ó bucle de abonado en relación cos datos relativos á localización ante calquera modificación que afecte os ditos datos, no prazo máximo de dez días hábiles desde que a modificación é efectiva.

9. A Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información poderá inspeccionar, de oficio ou por solicitude da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, os locais ou instalacións dos operadores dominantes nos que se facilita a localización de equipamentos ou aqueles outros susceptibles de seren obxecto de localización.

Así mesmo, os operadores autorizados poderán visitar os lugares susceptibles de utilización para localización e os lugares nos que se rexeitase a localización por motivos de falta de espazo.

10. Será requisito imprescindible para manter o dereito de ocupación do espazo asignado ós operadores autorizados para a localización de equipamentos, a utilización efectiva del, na forma que se determine na oferta de acceso ó bucle de abonado.

A Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá dictar, de oficio ou por instancia dos interesados, resolución revogando o dereito de manter ou ampliar o espazo asignado ós operadores autorizados para a localización de equipamentos, en caso de non utilización efectiva del.

11. Os acordos relativos á localización de equipamentos para o acceso desagregado ó bucle de abonado deberán formalizarse no prazo máximo de dous meses, contados desde a data de solicitude e iniciación da negociación, para o que non será necesario ter formalizado o acordo a que fai referencia o número 3 do artigo 3. Sen prexuízo disto, as partes poderán convir na ampliación dese prazo. Cando o operador autorizado dispoña de espazo para a localización de equipamentos nun determinado lugar, o acordo de ampliación do espazo

asignado deberá formalizarse no prazo máximo dun mes, contado desde a data de solicitude da ampliación.

Os conflitos que se produzan en relación coa localización de equipamentos serán resoltos pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións, nos termos establecidos no artigo 3 deste regulamento.

Artigo 10. *Condicións relativas ós abonados.*

1. Calquera solicitude de acceso a un determinado bucle de abonado deberá estar baseada nunha petición escrita asinada polo abonado actual, ou polo futuro abonado en caso de bucles vacantes, nos termos que se determinen na oferta de acceso ó bucle de abonado. Na dita petición deberá constar de maneira expresa a súa decisión de contratar servizos co operador autorizado, especificando a modalidade de acceso, e poderá, se é o caso, requirir a conservación da súa numeración telefónica.

O abonado poderalle solicitar ó operador dominante, mediante petición escrita asinada, que recupere o control sobre o seu bucle de abonado, previamente cedido a outro operador en acceso desagregado. Na mesma solicitude o abonado poderá requirir, se é o caso, a conservación da súa numeración telefónica.

2. Os operadores autorizados deberán informarllos abonados, por escrito e de maneira detallada, con carácter previo a que estes realicen a petición a que se refire o número anterior, sobre as características de prestación dos servizos de telecomunicación unha vez desagregado o seu bucle de abonado en servizo. En particular, os operadores autorizados informarán sobre as condicións que resulten aplicables para a selección de operador e sobre as facilidades suplementarias do servizo telefónico fixo dispoñible ó público.

3. No caso de acceso compartido ó bucle, se o abonado solicitase a baixa no servizo telefónico fixo dispoñible ó público prestado polo operador dominante, para facer efectiva a dita baixa será necesario que o abonado solicite previamente ó operador autorizado un cambio á modalidade de acceso completamente desagregado ou, alternativamente, solicite tamén previamente a baixa nos servizos contratados co operador autorizado.

Os cambios de modalidade de acceso ó bucle de abonado realizaranse, de acordo cos procedementos que se recollan na oferta de acceso ó bucle de abonado, de forma que se permita a máxima continuidade na prestación dos servizos ós usuarios.

4. En relación co artigo 12 do Regulamento polo que se desenvolve o título III da Lei xeral de telecomunicacións, no relativo ó servizo universal de telecomunicacións, ás demais obrigas do servizo público e ás obrigas de carácter público na prestación dos servizos e na explotación das redes de telecomunicacións, aprobado polo Real decreto 1736/1998, do 31 de xullo, considerarase que os operadores dominantes que fosen designados para prestar o servizo universal de telecomunicacións cumpriron coa obriga de facilitar unha conexión á rede telefónica pública fixa e acceder á prestación do servizo telefónico fixo dispoñible ó público, respecto dos abonados ós que subministrasen un bucle de abonado, con independencia de que posteriormente se lle facilitase a un operador autorizado o acceso desagregado ó dito bucle.

Artigo 11. *Oferta de acceso ó bucle de abonado.*

1. Os operadores dominantes deberán dispor e publicar de maneira que sexa facilmente accesible ó resto de operadores, preferiblemente pola Internet, unha oferta de acceso ó bucle de abonado actualizada, que

describa as condicións técnicas e económicas dos distintos elementos que a compoñen, de forma suficientemente desagregada, e incluíndo información suficiente para que os operadores autorizados poidan formalizar acordos para o acceso ó bucle de abonado. A oferta deberá conter, como mínimo, a información relativa ós epígrafes que figuran como anexo deste regulamento.

2. Os operadores dominantes presentarán á Comisión do Mercado das Telecomunicacións as propostas de modificación da oferta de acceso ó bucle de abonado. A dita Comisión poderá dictar, de oficio ou por instancia da parte interesada, resolución motivada instando á modificación da oferta e fixará a data a partir da cal producirá efectos.

3. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá determina-la forma e os termos en que se publicará a información contida na oferta de acceso ó bucle de abonado.

4. Os operadores obrigados a publica-la súa oferta de acceso ó bucle de abonado deberán mantela actualizada coa periodicidade que determine a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, quedando sometida calquera modificación desa oferta ás esixencias establecidas nos números anteriores deste artigo.

Adicionalmente, as modificacións que teñan a súa orixe en normas adoptadas polo Goberno ou polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía no ámbito das súas competencias e, en particular, para adapta-la oferta ás esixencias da normativa vixente e ós avances tecnolóxicos, deberán incorporarse ó texto da oferta e serán de aplicación desde o momento en que as citadas normas así o determinen.

5. Cando a proposta de modificación da oferta de acceso ó bucle de abonado, por motivos de planificación ou modernización da rede do operador dominante, afecte bucles a que accedesen operadores autorizados, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións terá especialmente en conta o necesario equilibrio entre as modificacións previstas e a continuidade na prestación de servizos polos operadores autorizados.

6. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións determinará as condicións de supresión da oferta de acceso ó bucle de abonado dos operadores obrigados cando estes deixen de te-la condición de dominantes, segundo a relación publicada anualmente.

Artigo 12. *Información de seguimento do acceso ó bucle de abonado.*

Co obxecto de realiza-lo seguimento da evolución na prestación dos servizos baseados no acceso ó bucle de abonado, os operadores dominantes comunicaranlle ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, a través da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, e á Comisión do Mercado das Telecomunicacións, no prazo de trinta días desde o final de cada trimestre natural, a correspondente información referida ó trimestre anterior. En particular, facilitarase, para cada operador autorizado, información sobre as solicitudes de acceso ó bucle de abonado e de localización de equipamentos recibidas e prazos de fornecemento, as comunicacións de incidencias e prazo de resolución, as reclamacións efectuadas e as solicitudes de acceso ó bucle ou de localización rexeitadas. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá determina-lo formato e grao de detalle da citada información, así como establecer prazos e períodos diferentes ós anteriormente fixados para determinadas informacións.

Así mesmo, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións e o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, a través da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, poderanlles solicitar ós operadores calquera información que consideren relevante en relación coas disposicións deste regulamento.

Disposición transitoria primeira. *Plan de despregamento do acceso desagregado.*

Os operadores dominantes facilitarán o acceso desagregado ós bucles de abonado da súa rede e recursos asociados, de maneira gradual, conforme un plan de despregamento que recolla as datas e lugares en que o dito acceso estará dispoñible. O citado plan de despregamento figurará na oferta de acceso ó bucle de abonado.

Disposición transitoria segunda. *Continuidade na prestación do acceso indirecto ó bucle de abonado.*

1. «Telefónica de España, Sociedad Anónima Unipersonal» incorporará na primeira oferta de acceso ó bucle de abonado a súa oferta comercial de acceso indirecto ó bucle de abonado derivada da Orde do 26 de marzo de 1999, pola que se establecen as condicións para a provisión do acceso indirecto ó bucle de abonado da rede pública telefónica fixa.

As condicións desta oferta comercial, excepto os prezos, deberán ser mantidas durante un prazo mínimo de dous anos contados desde a data de entrada en vigor deste regulamento, transcorrido o cal poderán ser modificadas de acordo co procedemento establecido no seu artigo 11. Os prezos poderán modificarse de acordo co dito procedemento, debendo cumprilo establecido no artigo 5 deste regulamento.

2. Durante o dito prazo de dous anos, consideranse operadores autorizados para contrata-lo acceso indirecto ó bucle de abonado da rede de «Telefónica de España, Sociedad Anónima Unipersonal», os seguintes:

- a) Os titulares de licencias individuais.
- b) Os titulares de autorizacións xerais de tipo C.
- c) Os que dispoñan de títulos habilitantes outorgados ó abeiro da Lei 42/1995, do 22 de decembro, das telecomunicacións por cable.

3. Así mesmo, durante o citado prazo de dous anos e co obxecto de realiza-lo seguimento da evolución na provisión do acceso indirecto ó bucle de abonado, «Telefónica de España, Sociedad Anónima Unipersonal» remitirá mensualmente, nos termos establecidos no artigo 12 deste regulamento, información sobre o número de operadores autorizados conectados a cada punto de acceso indirecto, o número de usuarios de cada demarcación e correspondentes a cada operador autorizado, así como das novas centrais nas que se proporcione o acceso indirecto.

Así mesmo, a dita compañía subministrará bimestralmente información da porcentaxe de solicitudes rexeitadas de cada operador autorizado e o detalle delas, indicando as características técnicas de cada bucle de abonado e a xustificación pola que non foi posible prove-lo acceso.

4. A provisión do acceso indirecto ó bucle de abonado coas obrigas anteriores e a aplicación do sistema de prezos executaranse a risco e ventura de «Telefónica de España, Sociedad Anónima Unipersonal». No suposto de que se producise déficit na provisión do acceso, esta compañía non terá dereito a indemnización ningunha.

ANEXO

Contido mínimo da oferta de acceso ó bucle de abonado

I. *Condicións para o acceso desagregado e indirecto ó bucle de abonado*

- a) Elementos da rede nos que se oferta acceso desagregado e, se é o caso, indirecto ó bucle de abonado,

incluíndo, se é o caso, o acceso a bucles e subbucles. (Esta información estará ó dispor unicamente para as partes interesadas.)

b) Situación, número e dispoñibilidade de bucles, rango de numeración xeográfica e área de servizo correspondente a cada punto ou elemento no que se oferta o acceso e a súa data de dispoñibilidade.

c) Información dispoñible sobre os parámetros relevantes dos bucles de abonado correspondentes a cada punto de acceso ó bucle.

d) Condicións técnicas relacionadas co acceso e uso dos bucles de abonado e criterios obxectivos nos que se basee a adopción de medidas no caso de existiren restricións no acceso ó bucle de abonado.

e) Descrición das condicións e procedementos para a cualificación de bucles.

f) Características dos elementos dispoñibles para o establecemento de enlaces externos desde os puntos de acceso.

g) Descrición das tarefas de mantemento dos bucles de abonado.

h) Procedementos para o tratamento de solicitudes de acceso, comunicación de incidencias e restricións de uso.

i) Procedementos para a coordinación das solicitudes de acceso completamente desagregado cos mecanismos de conservación do número establecido.

II. Localización de equipamentos

a) Información sobre os lugares nos que se pode proporcionar acceso desagregado ó bucle de abonado, en particular, localización exacta das instalacións: conmutadores, repartidores principais, concentradores, puntos de distribución distantes, etc. (esta información estará ó dispor unicamente para as partes interesadas), opcións de localización dispoñibles en cada un deles e características das opcións e, se é o caso, espazo dispoñible e o seu estado de acondicionamento.

b) Requisitos ou restricións para equipamentos situados polos operadores autorizados.

c) Normas de protección das instalacións e acceso ós equipos polos operadores e outras normas de seguridade.

d) Condicións nas que os operadores autorizados poderán visita-los lugares susceptibles de utilización para a localización e os lugares en que se rexeitase a localización por motivos de falta de espazo.

e) Criterios para a atención de solicitudes de localización, en particular, cando exista limitación de espazo.

III. Sistemas de información

a) Condicións de acceso a información ou sistemas relevantes dos operadores para a comunicación e seguimento de solicitudes de acceso desagregado e, se é o caso, indirecto ó bucle de abonado, mantemento, incidencias, facturación, etc.

b) Condicións de acceso a información sobre as características dos bucles de abonado e a súa capacidade para soportar servizos avanzados.

IV. Condicións de subministración

a) Prezos correspondentes ós elementos citados anteriormente, suficientemente desagregados, e referidos tanto ós prezos iniciais como ós prezos recorrentes.

b) Contratos tipo para a provisión do acceso desagregado e, se é o caso, indirecto ó bucle de abonado. Estes contratos incluírán, cando menos, condicións referidas a prazos de compromiso para a provisión dos accesos, recursos asociados e reparación de avarías, con indi-

cación das compensacións existentes por incumprimentos. Tamén incluírán procedementos para a localización de equipos e formulación de reclamacións e condicións de mantemento.

c) Prazos obxectivos de resposta a solicitudes de acceso ó bucle e a recursos asociados, niveis de servizo dispoñibles, resolución de avarías, procedementos de escalada e parámetros de calidade de servizo.

d) Plan de despregamento que conteña os criterios que se aplicarán para a dispoñibilidade comercial do acceso ó bucle de abonado da rede pública telefónica fixa, co fin de satisfacer a demanda dos operadores.

MINISTERIO DE ECONOMÍA

24019 *REAL DECRETO 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.* («BOE» 310, do 27-12-2000.)

Este real decreto ten por obxecto desenvolver-lo marco normativo no que han de desenvolverse as actividades relacionadas co sector eléctrico, baixo o novo modelo establecido na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico. Por iso, no título I establécense unhas disposicións xerais co obxecto de clarificar as distintas actividades eléctricas e os réximes aplicables.

No novo modelo aludido, a planificación eléctrica ten carácter indicativo, agás no que se refire a instalacións de transporte de enerxía eléctrica, que será realizada polo Estado, coa participación das comunidades autónomas. A devandita planificación queda regulada no título II deste real decreto, considerando entre os seus obxectivos o mantemento dun adecuado nivel de conexión entre produción e demanda, así como garantir-la seguridade e calidade da subministración eléctrica ó menor custo posible para os consumidores, todo iso de maneira compatible co respecto ó ambiente. A devandita planificación terá en conta as necesidades de desenvolvemento da rede de transporte de enerxía eléctrica, dunha maneira participativa cos distintos axentes e organismos afectados, co obxecto de permitirla participación no sector eléctrico de todos aqueles axentes interesados, permitindo ós consumidores beneficiarse dunha situación de libre competencia, sen que polo contrario deban soportar por iso un custo adicional.

No título III desenvólvese o marco normativo no que se desenvolverá a actividade de distribución de enerxía eléctrica, de acordo co establecido no título VII da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico. Así mesmo, desenvólvese o réxime económico dos dereitos de acometidas e demais actuacións necesarias para atender-los requirimentos de subministración ós usuarios.

Por outra parte, requírese o establecemento de criterios para a definición e delimitación da rede de transporte de enerxía eléctrica, tendo en conta o disposto no título VI da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico e o seu desenvolvemento no Real decreto 2819/1998, do 23 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte e distribución de enerxía eléctrica.

Este real decreto persegue o establecemento de maneira transparente das condicións de acceso á rede para os novos xeradores que se instalen no novo sistema liberalizado, defendendo os intereses dos consumidores